

## Información sobre as diferentes materias impartidas no IES “Praia Barraña” de Boiro (A Coruña)

### 1 Identificación da materia

Denominación:

Segunda Lingua Estranxeira (SLE)

### 2 Características da materia

Etapa educativa:

Educación Secundaria Obrigatoria

Curso:

1º  2º  3º  4º

Tipoloxía:

Común  De opción  Optativa

Carga lectiva semanal:

1 hora  2 horas  3 horas  4 horas

Outras características:

- O alumnado que opte por cursar un idioma diferente na materia Segunda Lingua Estranxeira en 3º curso, sen cursala en anos anteriores, deberá **contar coa competencia necesaria** para poder seguir a programación correspondente e acadar os obxectivos previstos.
- Deberá contar cun **mínimo de 10 alumnos/as** para poder ser impartida.

### 3 Cal é a súa finalidade? Que contidos se traballan na materia?

- A finalidade principal da materia é a de afondar na lingua francesa e na súa cultura para ir incrementando e mellorando as competencias comunicativas tanto escritas como orais para poder comunicarse cunha persoa francófona.
- Afianzamento e ampliación dos contidos xa vistos en 1º e 2º cursos de Educación Secundaria Obrigatoria.
- Realización de intercambios en liña (a través de cartas e de vídeos), coa posibilidade de realizar un intercambio físico e poñer en práctica o aprendido vendo a importancia e a utilidade de comunicarse en lingua francesa.
- Inicio do proceso para unha futura obtención dun certificado oficial en lingua francesa (DELF).

### 4 Onde se pode consultar o currículo completo da materia?

- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a *ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria* na Comunidade Autónoma de Galicia ([DOG do 26 de setembro de 2022](#)).
- Accede ao currículo da materia a través do seguinte [enlace](#) ou consultando o código QR que se indica

